



IV 2d

“Érghase mi madre
deixe de dormir-e
veña a vélo cegho
cantar e pedir-e.”

“E se canta e pide
ponlle pan e viño
i ese pobre cegho
pono no camiño.”

Hai que mirar se se pode berrar así, a ver se está alguén por aí enfermo...

“Eu non quero pan-he
nin tampouco viño
quérolle á súa filla
que veña conmigho”.

“Como hei de ir contigho,
cegho de mi vida,
como hei de ir contigho
si estou en faldriña”.

“Si estas en faldriña
eu así te quero
se has de sela miña
de lograr te espero”.

I espirouse a roca
e acabouse o liño
i ese pobre cegho
está no camiño.

Como é aghora... aínda hai outra... hai outro pé.

(...)

Como é Benito?

(...)

Pero este é dos Reis, non é do cegho.

Porque tamén é distinto, cada cousa...

Veña, empeza.



II 101f

Déanolos reises
anque sea pouco
un touciño inteiro
i a mitad do outro.

I a mitad do outro
i a xerra do viño
i a cuarticular-e
i os ghuevos do niño.

Déano-los reises,
señores por Dios-e
por el nacimiento
del hijo de Dios-e.